



Concello de Gondomar

NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS / SARDIÑADAS PÚBLICAS DE SAN XOAN E/OU SAN PEDRO 2026

A Concellería de Medio Ambiente e Transición Ecolóxica do Concello de Gondomar establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as "Cacharelas/Sardiñadas" PÚBLICAS da Noite de San Xoán e/ou San Pedro 2026.

Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de Cacharelas/Sardiñadas, sexa a noite do 23 ou a noite do 28 de xuño.

A celebración das Cacharelas/Sardiñadas na vía pública están suxeitas á correspondente autorización do Alcalde/alcaldesa ou concelleiro/concelleira na que delegue, e será publicado na páxina web do Concello antes do 23 de xuño xa que, se considera de interese xeral que os veciños que participen nas cacharelas e sardiñadas coñezan os termos da resolución por razóns de protección do medio ambiente e de seguridade pública (artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

Cacharelas en espazos públicos.

- As persoas, asociacións, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súas zonas comúns, de residencia, espazo público, deberán presentar a solicitude correspondente segundo o modelo oficial, publicado na web do Concello, <https://concellodegondomar.gal/concello/concellarias/instancias/> ata as 23:59 horas do día 18 de xuño de 2026 para as de San Xoán e ata as 23:59 horas do día 25 de xuño de 2026 para as de San Pedro, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude.
- ***As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.***
- ***A solicitude debe ir acompañada dunha memoria descritiva, cos seguintes contidos mínimos: material a queimar, distancia ás vivendas e á masa forestal máis próxima e plano de situación do espazo público no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.***
- ***A solicitude deberá acompañarse dunha fotocopia do seguro de responsabilidade civil para ese día e recibo de pago do mesmo.***
- ***Así mesmo deberá presentar autorización do titular do terreo onde se celebrará a fogueira.***
- Ao carón da cacharela, haberá auga con caudal e presión abondo para a extinción e apagado total da mesma (manguera con auga de traída, cisterna ou pozo).

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

- A persoa interesada que organice o evento deberá coidar os arredores e coñecer o número de teléfono do Servizo de Extinción de Incendios Forestais (085) e o de Emerxencias (112).
- **Zona urbana:** O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, e non excederá en ningún caso de 1 metro de altura.
- **Zona rural:** O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, e non excederá en ningún caso de 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- A cacharela estará a unha distancia mínima de 30 metros da vivenda máis próxima e a 80 metros das masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Porase especial coidado en situar a cacharela afastada de vehículos, instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, elementos explosivos e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

- Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas deberá axustarse ás condicións que se fan constar na autorización da actividade e nas ordenanzas municipais.

Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.

As organizacións atenderán as indicacións de Policía Local e dos Bombeiros.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións.